

Ruído de motos

Kiko Neves

Formas de citación recomendadas


1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

NEVES, KIKO (2011 [1997]). *Ruído de motos*. Santiago de Compostela: A.C. Amaía, colección Letras de Cal. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/290>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

NEVES, KIKO (1997). *Ruído de motos*. Santiago de Compostela: A.C. Amaía, colección Letras de Cal.

* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.



Ruído de motos

Kiko Neves



Ruído de motos

Kiko Neves



Ruído de motos
© Kiko Neves
Letras de Cal

Ilustración:
Kiko Neves

Edita:
A. C. Amaía
Apdo. 142, Compostela
Galiza, outubro 1997

Imprime:
Litosprint, S.L. - Pontevedra

ISBN: 84-922620-3-6
D. L.: PO-345/97

As cidades están cheas de xente.
Non podes seguir a túa liña.
Tropezas, estórbante, písanche.
E os coches. E o lixo.
As cidades están cheas de merda.
Gústame o cheiro das rúas
o primeiro día de choiva
logo do verán.
Ás portas do mencer.
Cando a merda está ás escuras.
Ou durmindo.

O
s mellores momentos
das cidades
-que son poucos, cativos-
sempre son fodidos
polo ruído das motos.
É unha opinión xeneralizada.
No paseo nocturno pola zona vella
ou na soidade da habitación
sempre aparece.
O ruído das motos.
As unllas contra o cemento.

A cidade enxendra violencia.
Seino.
Vou polas rúas matando xente.
Ao chou.
A ti que me miras.
Ao vello da boina.
Á señora do carriño.
Ao cativo que chora.
O municipal. O taxista.
O da moto das pizzas.
O da moto das pizzas
dúas veces.
Son un asasino en serie.
Executivos, vellas, vendedores da ONCE,
policías, curas.
Non teño piedade.
Todos mortos.
Mais non o saben.
A cidade.

O s poetas que se
masturban sen máis
e teñen resaca de
si propios
non saben das cidades.
Ou si.
Tamén
escriben
en
vertical
coma
os
tiques
dos
hiper-
mercados.

Os sábados duran dous días.
Logo dunha cervexa, vén outra
e seis máis.
Logo, outro bar
e logo seis máis.
Colegas, os precisos: cervexa,
petas, vodka.
Saberlles o nome a tres
ou catro camareiros
sempre é importante.
Conversas. Ningunha. Non
é o sitio.
Na cidade do sábado noite
non se fala.
Trágase.

O s domingos, vomítase.
A ser posible, coincidindo
coa saída da misa.

É doado.

Sempre hai unhas campás
rompéndoche a cabeza

os domingos ao mediodía.

Podes erguerte para cagar
ou podes cagarte en dios.

Mais sempre é mellor
vomitar.

Arrástraste á fiestra,

colgas a cabeza para fóra,

agardas á xente vestida de domingo
e xa está.

Vomitas.

Traballo de contable.
O mellor de ter xefes
é estudialos.
Quer dicir: abstraerse
e analizalos.
Coma un ornitólogo as aves
de presa.
Coma ver un documental
do National Geographic.
Tomo notas ás agachadas
no meu caderno de campo
e ríome a esgalla.
Son ridículos.
Os traballadores somos
o seu público.
Teñen preferencia polo método
Stanislavski.
Certo.
Sempre xesticulan para dar ordes.
E encollen o entrecello. Xente
seria.
Tamén saben rir cando
hai que rir.
Eses son os momentos
en que mexan por nós
para marcar o seu territorio.

A
As escolas son cadeiras
eléctricas de baixa tensión.
Non morres, pero quedas parvo.
O único bo da miña primeira
escola foi a adrenalina
embalada polo meu corpo
cando colgaba as clases.
Ameazábanme
e aínda era mellor.
Unha vez dous ou tres
agachámonos nunhas leiras.
Fumamos os primeiros cigarros,
bebemos as primeiras cervexas,
contámonos as primeiras
peras, escupiamos por un canto
do bico e dicíamos hostias
e foder e cagoendeus.

A última hora fomos agardar
aos compañeiros.
Espreitámoslos por unha ventá.
Estabamos perto, mais
viámoslos lonxe.
Arredados.
Decatámonos a un tempo.
A escola non era iso.
Cheiraba
a curtocircuíto.
A mexo de gato.

Un cemiterio. Frío e
fedorento. Eis a universidade.
O universitario é un lobo
para o universitario.
É toda esa manada, masa.
Os peores: os que visten
peles de año, quer
profesores, quer alumnos.
Gústanme os que tiran pedras,
os que fan pintadas,
os que berran e mexan
nos corredores e contra dos
encerados.
Gústanme
os que profanan os cemiterios.

Vou deixando pegadas
que son bombas silandeiras.
Estoupan na súa paciencia.
Revíranselles os interrogantes.
A eles. Aos de sempre.

Cando máis bébedo estou
e xa non hai xente
aplico ao meu xeito
as tácticas do foquismo
revolucionario.
Mexo nos caixeiros automáticos,
vomito nos monumentos,
boto unha cagada na porta
da casa do alcalde, do cura,
dos concelleiros
e racho con pedras
as súas ventás, as portas dos bancos
e o voso profundo e baleiro sono.

Chego a casa feito unha merda,
pero co cheiro
da selva Lacandona,
dos arrabaldes de Xerusalén e das rúas
de Belfast ou Donosti.

Onte á noite estiven
pinchando rodas de coches.
Unha chea delas.
Ao cabo dunha hora
colléronme.
Debían ser tres. Ou quince.
Non me denunciaron.
Pasaron ás hostias directamente.

Agora estou inchado. Dóeme todo.
Xa non sangro. Aínda sinto
os dentes. Logo virán
as cicatrices
e unha boa historia.

Penso neles. Sorrío.

O sexo cun propio
comprace.
Se cansas, pois ben,
paras
e bótaste a durmir.
Non fai falla dicir quérote.

O sexo entre dous pode
ser escatolóxico ou
sensitivo. Ao escatolóxico
chámanlle amor.

Entre tres ou máis
sempre se pasa ben.

O s domingos, maiormente,
as parellas pasean collidas
da man.
Ou quedan nos coches
en estrañas posturas á vista
da xente.
Ás veces míroas con envexa
mentres sorrín.
Son momentos de debilidade,
recoñézoos.
Se foran parrulos
botaríalles migallas de pan.

Fuxir. Hai xente que foxe,
marcha,
vaise e non volve en anos
ou xa non volve.
Nin mandan cartas.
Moitos, nin sequera se despiden.
Por iso me doe esta espera.
Cada día que agardo:
unha derrota.

O que máis me gusta da poesía.
Os silencios.

Na literatura o noventa por cento
deberían ser silencios.
Ou páxinas en branco.

O
s autobuses. Gústanme
os autobuses.
Ou non.

Son estraños.
E incómodos.
Nos urbanos a xente
fala de máis. Ou non fala.
Nin cruza as miradas.
Nos de liña sempre
hai alguén coñecido.
E saúdan.
Ou non, mais mirante de esguello.
As veces poñen películas
de vídeo. Ou música alta.
Nos buses da Citroën os traballadores
dormen.
Nas excursións os rapaces
sempre cantan
e pelexan polos asentos
traseiros. Sempre son
as mesmas cancións.

Non me gustan os autobuses.
Ou si.

Moitas noites dáme por ver
as estrelas.
Cómpreme saír da cidade.
Ir lonxe do alumeado artificial.
Déitome nalgunha leira
e ollo para o ceo.
Alí van aparecendo
todas as estrelas.

Non sei que quero ver
cando vexo as estrelas.

As cidades viñeron
para que os vellos das aldeas
morresen paseniño.
Deixan os casais nas mans
do vento.

Son os fillos. Chegan cos seus coches
e lévanos para un quinto
andar. Cemento e liñas rectas.
Tardes no balcón. Nada.
Ou sorrir, saltar e petar
co chan.
Fódase a cidade.

(i)

Gústame falar.
E o silencio. O frío.
A calor.

Non me gusta falar.
Nin estar calado.
Pasar frío ou calor.

Gústame camiñar
e estar quieto.
Chegar e marchar.

(ii)

Falar, non.
Gústame pensar.

Non me gusta lembrar.
Non me gusta o pasado
do que me poida lembrar.
Esquecer, tampouco.

Non me gusta soñar.
Nin o futuro.
Nin os reloxos que non se paran.

Os reloxos, non.
Non me gustan.
Nin agardar.
Nin que miren
cando agardo,
ou cando non.
Nin as preguntas.

Prefiro marchar.

(iii)

Gústanme as cousas pequenas
e os bos momentos
cando duran pouco.
E despois marchar.

Non me gustan os finais,
rematar os libros
as películas
o mencer
e cousas así.

Cousas.
Gústame contar cousas,
aos poucos,
ou non contar nada
e calar,
ou marchar.

(iv)

Gústasme.

Gústame
mirarte de vagar
e falar contigo.

Gústasme en silencio.

E gústame escoitarte,
en silencio.

Odiar contigo todo isto
e despois,

fuxirmos.

Este libro rematouse
de imprimir nos talleres de Litosprint
cando se facían 30 anos
da morte do Che
na selva boliviana

Este poemario naceu con ollos de pecado e as unllas comestas unha noite de inverno nas Terras do Condado. Antes houbo outros poemas, contos, cartas, berros, pintadas e mil cousas máis que non sei onde van.

Dunha viaxe ao Barbanza tamén naceu un poemario que recitei en Compostela. Estufas eléctricas, chámase. Téñoos por aí, gardado.

Nacín hai 28 anos en Ponteareas. Agora quero ter unha casa e un parrulo coidándoa, lonxe de Ponteareas. Non me gustan os cans.

